

A PRENSA PERIÓDICA EN GALICIA ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS

Autores:

**REBECA BARREIRO COTÓN
CRISTINA HEVIA BARCÓN
XOSÉ LÓPEZ GARCÍA**



**CONSELLO DA
CULTURA GALEGA**


**SECCIÓN DE COMUNICACIÓN
ARQUIVO DE COMUNICACIÓN**

O Arquivo de Comunicación, á vista dos datos disponibles en setembro de 2003, puido establecer unha serie de consideracións sobre as publicacións periódicas galegas. Determinouse, entre outros datos, a existencia dun perfil preeminente de publicación, así como cuestións como os formatos, xénero, temas tratados ou distribución xeográfica das publicacións. Trátase dunha serie de valoracións que irán modificándose a medida que o Arquivo aumente os rexistros e complete con novos datos os xa existentes.

O perfil tipo da publicación periódica galega é unha revista escolar de carácter anual, editada e subvencionada por institucións públicas, dirixida a un público universal, que se edita e imprime preferentemente na provincia da Coruña; que comezou a editarse na última década, cento por cento en lingua galega, en formato folio, menos de 25 páxinas de extensión e que se distribúe no ámbito local.

O **tipo de formato** máis recorrente é a revista (53%), seguida de lonxe polo boletín (17%) que ocupa o segundo lugar gracias ao papel tan importante que xogan os boletíns informativos municipais, boletíns de partidos políticos e sindicatos e boletíns de asociacións. Tampouco deben ser desprezados pola súa cantidade os xornais (5%), memorias (3,75%) e cadernos (2,9%).


Tipoloxía de formato



Fonte: Elaboración propia

Atendendo á súa **periodicidade**, a maioría das publicacións teñen unha longa periodicidade: anuais (26%), mensuais (16,9%) e trimestrais (13%). Isto probablemente estea directamente relacionado co predominio das publicacións educativas.

Canto á **temática**, son precisamente as educativas as máis abundantes (24,5%), seguidas das adicadas á literatura (18,4%) e á cultura (9,4%). Tamén representan un número considerable as publicacións de temática xeralista local (8,75%), fundamentalmente boletíns municipais editados polos concellos, que adoitan ser tamén de periodicidade anual.



Fonte: Elaboración propia


O **contido** destas publicacións é primordialmente informativo (66%), e en menor medida literario, de opinión, gráfico ou publicitario.

Os principais **editores** de publicacións periódicas en Galicia son as institucións públicas, tal e como podemos constatar pola cantidade delas editadas por centros educativos públicos, concellos, Xunta de Galicia, universidades e deputacións.

O lector ao que van dirixidas forma parte dun **público** universal, fronte a colectivos específicos como asociacións, institucións ou empresas.

Estas publicacións **edítanse e imprímense** maioritariamente na provincia da Coruña (49%), seguida a bastante distancia pola provincia de Pontevedra (25%). Se circunscibimos aínda máis ese marco espacial, atopámonos con que o concello no que máis publicacións periódicas se editan e imprimen é Santiago de Compostela (24,5%), seguido da Coruña (12,7%), Vigo (10,5%), Lugo (4,3%), Ourense (3,6%) e Pontevedra (3,3%).

Provincia de edición



Fonte: Elaboración propia

Son maioritariamente medios recentes que comezaron a editarse nos últimos 5 ou 6 anos, de xeito que un 80% deles non conta máis de 10 anos. Este dato sitúa o nacemento da maioría deles na década dos 90 e comezos do 2000. Resulta paradoxal que o momento de máxima expansión doutros medios coma a radio, as canles de televisión e os novos medios electrónicos en rede coincida cunha multiplicación tamén dos medios impresos, probablemente gracias a unha reorientación do xornalismo escrito cara o mercado local. Fronte a unha diversidade globalizada, os editores galegos apostaron pola información local dirixida a un público moi definido e localizado xeograficamente nos ámbitos provinciais, comarcais e núcleos de poboación importantes, neste contexto de diversificación da oferta de fontes informativas.

Cómpre subliñar que a metade destas publicacións se editan totalmente en **lingua** galega (50%), mentres que seguen representando un número importante aquelas que están enteiramente en castelán (18%). Outras linguas que aparecen de xeito residual son o inglés e o portugués, alternando con algunha das dúas linguas oficiais de Galicia.

O **formato** A4 (29.5 x 21 cm) é o tamaño da metade destas publicacións. Canto ao volume de **páxinas**, algo máis dun tercio destas publicacións compóñense de 25 páxinas ou menos e dous tercios están por debaixo das 100 follas.

Outro dato interesante é que dous tercios destas publicacións non teñen **editorial**, é dicir, non emiten a súa opinión corporativa explícita. Historicamente, dende a crise do xornalismo político de principios do século XX, o xornalismo galego evolucionou cara un xornalismo de servizos, máis preocupado polo lecer, a cultura e a sociedade que polo devir das institucións e actores políticos. Isto obsérvase, por exemplo, na evolución do espacio dedicado á información política e á información cultural nas últimas tres décadas. Mentres que a información política descendeu nun 50% a súa presenza nos periódicos galegos, a información socio-cultural duplicouse. Esta maior preocupación por achegarlle temas próximos ao lector parece ter certa relación co non-posicionamento ideolóxico de todas as publicacións.

O **tipo de financiamento** máis importante, na liña do dito anteriormente, é a subvención, o 30% das publicacións que temos recibiron algunha subvención dunha institución pública, seguida do financiamento interno (22%). A vía da publicidade por si mesma financia enteiramente o 9% destes medios e participa no financiamento doutro 19%, que comparte coa venda, suscripción e subvencións.

O seu ámbito de **distribución** é, en primeiro lugar, o local e despois, o autonómico. Hai poucas publicacións de carácter estatal ou internacional e aínda menos comarcais e provinciais. Está claro que o marco que auspicia a creación e desenvolvemento dos medios impresos en Galicia é o local.

O noso traballo de investigación seguirá pero precisa da colaboración de todos os que editan publicacións. No remate deste artigo queremos mostrarlle o noso agradecimento a todas aquelas persoas, institucións e empresas que colaboraron desinteresadamente na elaboración da base de datos do Arquivo de Comunicación de Galicia. Sen a súa contribución nunca tería sido posible avanzarmos nun terreo tan vasto e inestable como é o do panorama de medios locais, comarcais, provinciais, autonómicos, estatais e internacionais que en Galicia editamos. Agardamos que este noso traballo (de todos) sirva de apoio para aqueles que, coma nós, decidan internarse no estudio dos medios de comunicación en Galicia e de fonte para quen simplemente desperte algún interese.